

## RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN PROVISIONAL

LOTE 2 DO SERVICIO DE MONTAXE DE STANDS, MOQUETA, TARIMA, CARPAS, MOBILIARIO,  
COMPLEMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS ACCESORIOS (REF.: 6006/2011-01)

Examinadas as actas das reunións da mesa de contratación designada para elevar a proposta de adjudicación, mediante procedemento aberto, da citada contratación, que se convocou o 24 de setembro de 2010 (DOG nº185) e segundo o establecido no artigo 135 da lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia e conforme a proposta formulada por aquela o día 29 de outubro de 2010, e no uso das facultades que, en materia de contratación, me atribúe o Padroado da Fundación,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Adjudicar de forma **PROVISIONAL** a contratación do **LOTE 2** do concurso “**SERVICIO DE MONTAXE DE STANDS, MOQUETA, TARIMA, CARPAS, MOBILIARIO, COMPLEMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS ACCESORIOS (REF.: 6006/2011-01)**” á empresa **TOLDOS BARRY, S.L.** polos seguintes importes unitarios que figuran na oferta:

- M<sup>2</sup> de carpa fabricada con perfil de aluminio: sete euros con cincuenta céntimos (7,50.-€), mais un euro con trinta e cinco céntimos (1,35.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de oito euros con oitenta e cinco céntimos (8,85.-€)
- M<sup>2</sup> de carpa fabricada con perfil de aluminio con tarima autoportante: doce euros con trinta céntimos (12,30.-€), mais dous euros con vinte un céntimos (2,21.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de catorce euros con cincuenta e un céntimos (14,51.-€)


Dado que esta proposición considérase máis vantaxosa en vista á oferta global presentada.

**SEGUNDO.-** Proceder á notificación da adjudicación provisional aos participantes na licitación, así como a súa publicación no perfil do contratante, de conformidade co disposto no artigo 135 da LCSP e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 135.4 da LCSP e tal e como se recolle na cláusula 17 do prego de condicións que rexen nesta contratación, o adxudicatario provisional, deberá presentar nas oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia no prazo de **10 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á data de publicación desta resolución no perfil do contratante desde organismo, a documentación referenciada no devandito prego.

Silleda, 4 de novembro de 2010

D<sup>a</sup> Paloma Hidago López



Directora Xeral

FUNDACIÓN  
SEMANA VERDE DE GALICIA  
C.I.F. G-36-155208  
Recinto Ferial, s/n.  
36540 SILLEDA (Pontevedra)